

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de abril de 2024, polo que se amplía a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia

Por acordo do 8 de xullo de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobou as bases e convocou probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior. (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019). A base décima, sobre a lista de espera para substitucións, dispón: «As persoas incluídas na listaxe definida na base 7.1 que non superaron o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.»

A base sétima, no seu punto 1, recolle: «Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.»

En consecuencia, a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia está formada por aquelas persoas aspirantes que superaron os catro exercicios da oposición.

Na actualidade, ao estar xa esgotada a posibilidade de chamamento das persoas incluídas na antedita lista de espera e debido á imposibilidade de cobertura de postos do corpo superior mediante os procedementos ordinarios de selección, ponse de manifesto a necesidade de aumentar de forma urxente a relación das persoas aspirantes incluídas nas listas de espera do grupo A, para dar resposta inmediata ás necesidades de persoal desta Administración coa incorporación de persoal interino que preste servizos temporais, polo tempo necesario ata a cobertura definitiva dos postos.

Por todo iso, vista a proposta do Servizo de Persoal e Réxime Interior, a Mesa acorda:

1. Ampliar a lista de espera do corpo superior do Parlamento de Galicia, incorporando á devandita lista de espera as persoas aspirantes das probas selectivas convocadas por Acordo do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019) que superaron o primeiro exercicio, sen prexuízo do dereito que os asiste para a súa exclusión, de conformidade coa normativa de aplicación.
2. Que só se proceda ao chamamento das persoas incluídas nesta ampliación da lista de espera cando non estea dispoñible ningunha das persoas aspirantes da lista orixinal.
2. Publicar a ampliación da lista de espera do corpo superior da Administración do Parlamento de Galicia que figura como anexo a este acordo.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024.

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



ANEXO

Persoas integrantes da lista de espera para substitucións do corpo superior

Posto	APELIDOS	NOME
1	LORENZO CEA	ELENA MARÍA
2	TORAL PAZOS	SANTIAGO NICOLÁS
3	MARCOS TORRES	MARÍA
4	PAZ GARCÍA	SANTIAGO
5	RECIMIL LÓPEZ	ÁNGEL JOSÉ
6	RUIBAL LISTA	DAVID
7	LOMBÁN PAZOS	MARTA MARÍA
8	SEOANE ROMERO	MARÍA
9	MONTERO ARES	INÉS